



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

CONSULTA PÚBLICA PREVIA SOBRE O PROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO VIVEIRO DE EMPRESAS DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA

De conformidade co previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e co obxecto de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración das normas, con carácter previo á elaboración da Ordenanza municipal reguladora do viveiro de empresas do Concello de Val do Dubra, debe realizarse unha **consulta pública**, a través do portal web do Concello, na que se recollerá a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma, acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación
- c) Os obxectivos da norma
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

No cumprimento do anterior, e segundo o disposto na Orde PRE/1590/2016, do 3 de outubro, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 30.09.2016, polo que se ditan instrucións para habilitar a participación pública no proceso de elaboración normativa a través dos portais web, fórmulase a seguinte consulta:

Prazo e lugar para facer chegar as opinións	Prazo: Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren, poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos nesta consulta, durante 10 días hábiles, a contar dende a publicación deste anuncio. Lugar: 1) a través da sede electrónica, cubrindo unha instancia xeral onde comunique o que considere relevante para ter en conta na elaboración do texto normativo; 2) presencialmente, no caso de persoas físicas, nas Oficinas Xerais, no seu horario de apertura.
Problemas que se pretenden solucionar	Preténdese dar solución aos seguintes problemas: -Falta de espazos axeitados para iniciar unha actividade empresarial, elevados custos de inicio das novas empresas, fuga de iniciativas empresariais cara a outros concellos. -Necesidade de diversificar e fortalecer o tecido económico local.
Necesidade e oportunidade da súa aprobación	Resulta de especial relevancia para este concello, acometer esta aprobación normativa, como responder á necesidade de reforzar o tecido económico e empresarial local, facilitar o emprendemento e favorecer a creación e consolidación de novas actividades económicas no municipio.
Obxectivos da norma	A ordenanza ten como obxectivo principal regular o funcionamento, organización e utilización do Viveiro de Empresas do Concello de Val do Dubra, establecendo un marco claro e transparente para o acceso e aproveitamento deste recurso municipal.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcái, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

Posibles solucións alternativas, regulatorias e non regulatorias	<i>Despois dun análise previo da situación, considérase que a aprobación dunha ordenanza reguladora do Viveiro de Empresas do Concello de Val do Dubra é a opción máis adecuada e proporcionada para acadar os obxectivos perseguidos.</i>
---	--

Val do Dubra, asinado dixitalmente

O alcalde
Diego Luís Díaz Méndez

Val do Dubra, naturalmente